

# XORNADAS DE LINGUA E LITERATURA

## CURSO 2017-2018

*Ler e escribir*

na era

**AUDIOVISUAL**

18 de novembro de 2017

EGAP - Santiago de Compostela




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CAFI



# PROGRAMA

MAÑÁ

09:30 - 10:00

Recepción de participantes e entrega de documentación

10:00 - 10:15

Inauguración das Xornadas

10:15 - 11:15

Conferencia inaugural  
*Ler e escribir na era dixital*  
Francisco CASTRO VELOSO - Director da Editorial Galaxia

11:15 - 11:45

Pausa café

11:45 - 13:15

Conferencia plenaria  
*Ler e escribir en Secundaria na era audiovisual: un reto, unha oportunidade*  
Alberto GARCÍA PÉREZ - IES Santa Cristina de Lena (Pola de Lena)

13:15 - 14:00

Intercambio de experiencias - boas prácticas  
*Equipos de investigación literaria*  
Rosa María FERNÁNDEZ CALVO - IES Pino Manso (O Porriño)

TARDE

16:00 - 16:55

Intercambio de experiencias - boas prácticas  
*Tres formas de achegarse á lectura e escritura na rede*  
Pilar PONTE PATIÑO - IES da Pobra do Caramiñal (A Pobra do Caramiñal)

16:55 - 17:50

Intercambio de experiencias - boas prácticas  
*Obras son amores. Aula e blog: tándem nunha aprendizaxe creativa, construtivista e cooperativa*  
Felisa REDONDO VALÍN - IES Ánxel Fole (Lugo)

17:50 - 18:05

Pausa café

18:05 - 18:55

Intercambio de experiencias - boas prácticas  
*Illa Fantasía: a Escola do Unicornio*  
Esperanza ARIAS FERREIRO - CEIP Sada y sus contornos (Sada)  
Lydia SEIJO MARTÍNEZ - CEIP Couceiro Freijomil (Pontedeume)  
María BERMÚDEZ PARAPAR - CEIP Sofía Casanova (Culleredo)

18:55 - 19:45

Intercambio de experiencias - boas prácticas  
*Historias transmedia e creacións fanfiction*  
Xosé Manuel DOPAZO MELLA - IES Maruxa Mallo (Ordes)

19:45 - 20:00

Clausura

## Francisco Castro Veloso

Traballa desde hai anos como cronista cultural en varios medios galegos, e na actualidade na Editorial Galaxia. É autor do libro de relatos eróticos *Xeografías* e *A canción do naufrago*, ambos de 2001, e do relato histórico *Memorial do infortunio*. En 2004 publicou *Xeración perdida*, novela coa que entra o lector no mundo das drogas, e *Un bosque cheo de faias*, que gañou o Premio Frei Martín Sarmiento. Recibiu en 2006 o Premio Blanco Amor de novela longa con *Spam*, que publica Galaxia.

En 2007 resultou gañador do Premio de Novela Manuel García Barros, concedido polo Concello da Estrada, coa novela *As palabras da néboa*, publicado por Editorial Galaxia. No mesmo ano publica *O ceo dos afogados* que foi finalista do premio Fundación Caixa Galicia e que recibiría o Frei Martín Sarmiento como mellor libro do ano.

En 2009 obtivo o Primeiro Accésit e Pluma de Prata no I Certame de Xornalismo de Opinión Raimundo García 'Borobó' polo seu artigo titulado "Borobó despedido". Tamén neste ano publicou na colección Árbore de Galaxia a novela *Chamádeme Simbad* (Lista de Honra de IBBY 2012) e Premio Frei Martín Sarmiento 2011, e ao ano seguinte, a novela xuvenil, *O segredo de Marco Polo*.

A finais do ano 2010 foi nomeado presidente de GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), cargo que desenvolveu ata finais de 2015. No ano 2011 publica unha novela para adultos titulada *In Vino Veritas* e ao ano seguinte en colaboración con Fina Casalderrey publica *O neno can*, unha defensa do dereito dos nenos/as.

No ano 2013, a súa novela *O corazón da Branca de neve* resultou gañadora da 13ª edición do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*.

En 2014 publicou a novela *Tes ata as 10* e en 2016 *Amor é unha palabra coma outra calquera*.

En 2016 pasou a ocupar o cargo de director na Editorial Galaxia, sucedendo no posto a Víctor Freixanes, que pasou a ser o presidente da Real Academia Galega.

## Alberto García

É profesor de Lingua Castelána e Literatura no IES Santa Cristina de Lena, en Asturias. Desde hai xa bastantes cursos, aplica as TIC dunha forma integrada no seu labor docente, ademais do traballo por tarefas e proxectos. Intenta aproveitar as metodoloxías activas e innovadoras para que o ensino da Lingua e a Literatura sexa dinámica e que o alumnado tome cada vez maior protagonismo no seu proceso de aprendizaxe.

Colaborou nos proxectos colaborativos na Rede Kuentolibros e Infoedugrafías como fundador e dinamizador.

Obtivo a Buxaina de Bronce no premio Espiral Edublogs na categoría de blogs de profesores no ano 2012 polo seu blogue **La bitácora de la lengua** e a Buxaina de Prata na categoría de blogues colectivos polo proxecto Infoedugrafías. Ademais, por ese mesmo proxecto, foilles concedido o selo de Boas Prácticas do portal **Leer.es**. Tamén colaborou noutras iniciativas interesantes en rede como **Palabras azules** ou **Poesía eres tú**.

O seu labor docente tamén foi recoñecido polo Ministerio de Educación ao lle conceder o **Selo de Boas Prácticas 2.0**.

En canto ao seu labor de formación, colabora asiduamente con varios centros de profesores asturiano na formación docente relacionada coa aplicación das TIC ou o fomento da lectura. Por último, desde o ano 2015, participa nos cursos titorizados do INTEF como titor e coordinador e está a preparar un MOOC sobre Learning Analytics. Toda a súa vida dixital se pode atopar en: <https://about.me/albertogp>.

---

## Rosa María Fernández Calvo

Licenciada en Filoloxía Hispánica e en Filoloxía Galego-Portuguesa.

No curso 1986-1987 comeza a desenvolver a súa carreira docente e desde entón sempre experimentou unha responsable inqueda por ser coñecedora daquelas publicacións que, relacionadas coa súa materia, se estaban a producir. Ao longo dos máis de 30 anos de experiencia docente, participou en cursos de formación pedagóxica nos que habería que destacar tanto a Aprendizaxe Cooperativa coma as TICs. Dende o curso 2010-2011 o seu centro, o IES Pino Manso do Porriño participa nun programa de Aprendizaxe Cooperativa titorizado pola Universidade de Vic; e é partir dese momento, cando aumenta o seu interese por aplicar as metodoloxías activas na aula.

Xa como relatora, colabora coa rede de formación desde o ano 2008 e tamén estivo presente no Berritzegune de Getxo e recentemente en Palma.

## Pilar Ponte Patiño

Licenciada en Filoloxía Hispánica, especialidade en Galego-portugués pola Universidade da Coruña en 1992.

Traballou no centro concertado coruñés Fogar de Santa Margarita, na actualidade leva xa varios anos na Pobra do Caramiñal

Colabora coa Dirección Xeral de Política Lingüística durante varios anos impartindo cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua para distintos colectivos profesionais de adultos. É coautora dos libros de ESO a distancia do CEGBAD para a Consellería de Educación así como varias guías de lectura sobre a obra *A cova das vacas mortas* de Santiago Jaureguizar, *Ás de bolboreta* de Rosa Aneiros, *Contos por palabras* de Agustín Fernández Paz, *Made in Galiza* de Sechu Sende, *O fidalgo e outros relatos* de Otero Pedrayo ou a unidade didáctica sobre as vangardas. Xa como relatora, colabora coa rede de formación desde o ano 2009 pero tamén con outros organismos como a CIGA.

A profa (aprofa.gal) é o seu blog persoal no que enlaza os diferentes materiais que vai publicando.

## Felisa Redondo Valín María

Licenciada en Filoloxía Hispánica, diploma de Estudos Avanzados dirixido polo Departamento de Historia Medieval e Moderna vinculada á área de Literatura Española, pola Universidade de Santiago de Compostela no 2004.

Leva colaborando coa rede de formación desde o ano 1994 á parte de impartir docencias con outros organismos como Nova Escola Galega. Coordinou diversos seminarios permantes e publicou diversos artigos en diversas revistas. Na actualidade desenvolve o seu labor docente no IES Ánxel Fole.

## Esperanza Arias Ferreiro

Diplomada en profesorado de Educación Xeral Básica, especialista en E.I. e en educación primaria por defecto. Leva vinte anos como docente.

Leva colaborando coa rede de formación desde o ano 2015. Foi coordinadora e autora de proxectos de animación e aproximación á lectoescritura dende un enfoque competencial en EI e contextualizado ás bibliotecas escolares en colaboración coa Biblioteca Municipal de Sada, dende hai varios cursos.

## Lydia Seijo Martínez

Diplomada en Educación Primaria e licenciada en Psicopedagogía pola Universidade da Coruña.

Tamén leva colaborando coa rede de formación desde o ano 2015 sobre a implantación dos novos currículos, a avaliación a través das competencias, o traballo planificado por competencias, etc.

## María Bermúdez Parapar

Diplomada en Educación Primaria pola Universidade da Coruña.

Leva colaborando coa rede de formación desde o ano 2007 sobre o traballo co alumnado a través das emocións.

## Xosé Manuel Dopazo Mella

Licenciado en Filoloxía hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade é profesor de Lingua Castelá e Literatura e director do IES Maruxa Mallo (Ordes - A Coruña).

Desde os seus comezos como docente estivo implicado en diversas actividades vinculadas coa educación. Deste xeito participou en diversas mesas de debate e conferencias sobre as "Competencias e habilidades para o éxito", recibiu varios premios polo emprego de experiencias didácticas innovadoras dos profesores Prensa-Escola e desde o curso 2010 colabora coa rede de formación con temas como "A metodoloxía de proxectos nas clases de lingua", "Necesitamos presentacións creativas", "Ensinar linguas. A comunicación oral", "Experiencia á fronte da dirección IES Plurilingüe Maruxa Mallo", "Escrita académica. Escrita de textos expositivos Escrita ligada á lectura creativa. Escrita na 2.0", "Programación e avaliación das Competencias básicas", "Propostas didácticas para o traballo da oralidade na aula", "Falar, escoitar, ler e escribir en todas as áreas", "Intelixencia emocional", "A competencia en comunicación lingüística en proxectos de comunicación", "A competencia mediática", "Selección de ideas propostas para o traballo da oralidade na aula", "Creando", "Presentacións eficaces", "O programa ECO-FA-SE no IES Maruxa Mallo", "Obradoiro de oratoria", "Obradoiro de oralidade e lectura: as videocríticas", "A competencia en comunicación lingüística en proxectos de comunicación", "Aprender a través de proxectos"...